



Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este venres, 4 de xullo de 2014

Parlamento de Galicia

12,30 h.- O Parlamento de Galicia acolle un acto institucional conmemorativo do setenta aniversario da publicación de *Sempre en Galiza*, de Alfonso R. Castelao, en lembranza da homenaxe que tivo lugar en Bos Aires en xullo de 1944.

A inauguración correrá a cargo da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, á que seguirán as intervencións do presidente da Fundación Castelao, Carlos Mella; e do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares. De seguido, os profesores Ramón Máiz, Henrique Monteagudo e Justo Beramendi falarán sobre o contexto e significado do *Sempre en Galiza*. O acto continúa con lecturas de *Sempre en Galiza*.

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, pecha o acto.

No Salón dos Reis do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.